

FEDERACIÓN GALEGA de BALONCESTO

(FGB)

Gabinete de Orientación Psicológica

O Noso Traballo cos Pais

PLANTEAMIENTOS PREVIOS E CONTEXTUALIZACIÓN DO TRABALLO

Orixe

Algunhas preguntas

Importancia dos pais

ORIXE

- Presentación do proxecto incorporación dun Psicólogo Deportivo na estrutura de traballo da FGB. Creación do Gabinete de Orientación Psicológica.
- Plátéanse uns obxectivos de traballo, uns suxeitos de intervención (adestradores, xogadores e pais) e unha serie de actuacións con cada un deles.

ALGUNHAS PREGUNTAS PREVIAS

- Credes que debemos traballar cos pais? Por que?
- Por que credes que os pais son importantes neste contexto de traballo? E no voso?
- Que influencia credes que poden ter os pais no rendemento deportivo dos seus fillos e no seu desenrolo persoal?
- En qué aspectos credes que podemos ver/notar a influencia que exercen os pais sobre os seus fillos no contexto do deporte?

IMPORTANCIA DOS PAIS

- Pais, figuras relevantes para os seus fillos, sobre todo en idades temperás.
- A actitude e interese que teñan cara ao deporte.
- As expectativas que teñen e transmiten do futuro deportivo do seu fillo/a. Este intentará non defraudar e cumprir as expectativas depositadas neles.
- A actitude fronte a desprazamentos ou asistencia para conseguir unha práctica constante e regular que permita traballar adecuadamente cos seus fillos/as.

IMPORTANCIA DOS PAIS

- Interferencia que poidan facer no labor do adestrador co seu fillo e co equipo. Deben ir na mesma liña.
- A orientación que lle dean á práctica deportiva do seu fillo:
 - ✓ Resultados, vitorias ou derrotas, acertos e erros.
 - ✓ Mellora e esforzo.

CONCLUSIÓN IMPORTANCIA PAIS

- Os pais poden ser axentes sumamente importantes para axudar a desenvolver e acadar os obxectivos que nos propoñemos desde a FGB e o GOP:
 1. Alcanzar o maior rendemento posible dos deportistas.
 2. Favorecer ao máximo o desenvolvemento formativo e persoal dos xogadores/as das seleccións galegas.

AVALIACIÓN E DETECCIÓN DE NECESIDADES

ORGANIZACIÓN XERAL:

Como se organiza o traballo coas seleccións?

PAIS:

- Que se ten feito so respecto?
- Que necesidades existen?

COMO SE ORGANIZA O TRABALLO COAS SELECCIÓN?

- Concentracións dun ou dous días unha ou dúas veces ao mes durante 4/5 meses. As concentracións fanse en función das datas do Campionato de España. Ao comezo faise algunha concentración máis longa (1 semana).
- Adóitanse facer dúas sesións de traballo diarias. Ás veces algún partido amigable.
- O Campionato de España xógase contra as seleccións doutras autonomías durante unha semana.
- Durante as concentracións obsérvase e coñécese aos xogadores. Vanse seleccionando a aqueles que van ser chamados para a seguinte concentración, producíndose descartes en cada unha.
- Os adestradores teñen que facilitar a lista definitiva dos convocados para o Campionato de España aproximadamente un mes e medio antes do mesmo.

PAIS: QUE SE TEN FEITO XA AO RESPECTO? QUE NECESIDADES EXISTEN?

- Non se fixo ningún tipo de intervención cos pais.
- Atribúeselles un papel “pasivo” en todo o traballo que se fai coas seleccións. Non se lle dá importancia ao papel que poidan xogar e apenas se teñen en conta a súa opinión.
- Facilítaselles pouco apoio ou ningún no que se refire á experiencia vivida polos seus fillos nas seleccións galegas.
- Non existía unha canle de comunicación cos pais. Unicamente existían contactos esporádicos dos adestradores ou do director técnico de xeito informal. Contactos esporádicos e casuais. A vía de contacto con eles era case exclusivamente por carta/circular.

TRABALLO COS PAIS

QUE É O QUE ESTAMOS FACENDO?

Obxectivos xerais

Obxectivos específicos

Charlas

Metodoloxía

Conclusións finais

OBXECTIVOS XERAIS

1. Crear unha vía de comunicación entre a FGB e os pais.
2. Proporcionar aos pais información básica, orientación e asesoramento para:
 - Axudar e colaborar a que os seus fillos acaden o maior rendemento deportivo posible.
 - Favorecer ao máximo o desenvolvemento persoal e formativo dos seus fillos.
 - Diminuír os posibles prexuizos que se poidan producir nas súas experiencia coas seleccións.
 - Intentar que os seus fillos obteñan os máximos beneficios posibles (deportivos e educativos) desta experiencia.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Coñecer aos pais e presentarnos. Proporcionarlles información sobre o psicólogo deportivo, que é, que fai, como traballa.
- Facilitar aos pais información básica sobre os obxectivos que a FGB propoñe para o deporte base. Resaltar a importancia que teñen os pais para a FGB.
- Facilitar información e orientación sobre algunhas pautas, comportamentos e actitudes que favorecen o rendemento deportivo e o desenvolvemento persoal dos seus fillos na súa experiencia coas seleccións.
- Proporcionar información e asesoramento para que poidan axudar aos seus fillos a afrontar, do mellor xeito posible, determinados acontecementos potencialmente estresantes como son a recepción e acollemento na primeira concentración, o momento de descártelos e o Campionato de España.
- Coñecer a opinión dos pais respecto de todos estes temas e en relación a aspectos organizativos da FGB.

QUE É O QUE FACEMOS?

- CHARLAS cos pais ao longo da tempada nas que podemos facilitar e intercambiar toda a información que se comenta anteriormente e onde podemos crear un espazo de dialogo e comunicación entre os pais e a FGB.

CANDO?

- Ao levar ou recoller aos seus fillos/as das concentracións.
- Ao principio, metade e final da tempada coincidindo con momentos potencialmente estresantes (recibimento/acollida nas primeiras concentracións, descartes e Campionato de España).

CHARLA RECIBIMIENTO/ACOLLIDA

- Primeiras concentracións da tempada. Para moitos deles experiencia nova.
- Importante que reciban o apoio da FGB para axudarlles, a eles e aos seus fillos, a afrontar esta primeira experiencia.
- Como será o traballo cos seus fillos/as, que pretendemos, como nos organizamos, con que se van a atopar, como se notificasen descártelos, o funcionamento interno, comportamentos e actitudes máis favorables para axudar aos seus fillos, etc.
- Pautas, comportamentos e actitudes que consideramos máis adecuadas axudar aos seus fillos na experiencia coas seleccións galegas.

PAUTAS PARA OS PAIS:

- Reforzar e potenciar todo aquilo que conduce á posibilidade de mellorar (no deportivo e no persoal).
- O adestrador é o máximo responsable.
- Evitar unha orientación excesiva cara as vitorias, “gañar o é todo”.
- Fomentar a comunicación.
- Os pais deben ser un modelo de autocontrol.

CHARLA DESCARTES

- Situación difícil para os xogadores, adestradores e pais. Momento traumático e doloroso.
- Non imos poder evitar sentimentos de tristeza, rabia, pena, desilusión, etc.
- Non podemos evitar que sufran, que se desgusten, é inevitable.
- Si podemos intentar que esta experiencia sexa algo positiva e en certo xeito, formativa.
- Proponse aos pais unha serie de mensaxes, comportamentos e actitudes que cremos máis adecuados para afrontar este momento e axudar aos seus fillos. Infórmaselles que esperamos en xeral dos xogadores durante as concentracións e como afrontamos e comunicamos descártelos (protocolo).
- Axudará a que os xogadores estean mellor preparados cando se lles comunique a decisión de se son seleccionados ou non.

ALGUNHAS MENSAXES, COMPORTAMENTOS E ACTITUDES

- Cada pai debe adaptarse ás características de cada situación e ás particularidades de cada fillo/a.
- “Requisitos mínimos” (traballo, esforzo, respecto e educación).
- O obxectivo debe ser aprender, dar o mellor de cada un en cada concentración (unha ou moitas). Non debe ser unicamente estar entre os doce seleccionados finais.
- Aproveitar o tempo a tope, que traballen, esfórcense ao máximo, aprendan todo o posible, intenten mellorar as súas destrezas, que se divirtan e gocen dos seus compañeiros/amigos.
- O éxito non é gañar ou perder, estar convocado ou non, o éxito de cada un é dar o mellor dun mesmo.
- Decisión negativa, debemos respectar, é lexítimo, os seus sentimentos (tristeza, rabia, frustración, etc.).
- Mostrar o voso apoio e comprensión, axudaralles. Recordádelles (cando sexa oportuno e estean máis acougados) todo o bo que levan da selección.
- Animarlles a seguir traballando para mellorar e gozar.

CHARLA CAMPIONATO DE ESPAÑA

- Momento estresante. Por primeira vez enfrontaranse a sensacións e experiencias descoñecidas, porán a proba os seus medos e inseguridades.
- Importante que os pais presten todo o apoio posible aos seus fillos. Resolveremos as dúbidas e incertezas que se lles presenten e facilitarémoslles toda a axuda posible en beneficio dos seus fillos, tanto a nivel deportivo como persoal.
- Información sobre aspectos organizativos do Torneo, comportamentos adecuados (animar á selección e respecto aos contrarios e árbitros, animar e apoiar aos seus fillos nas derrotas ou malos resultados e reforzar nos bos, etc.). Recordaráselles moitas das actitudes das que xa falamos con anterioridade.

METODOLOXÍA CHARLAS

- Información o máis práctica posible.
- Partimos da información que nos proporcionan os asistentes. Así obtemos máis información sobre os seus recursos, competencias e coñecementos. A partir de aí, informamos, orientamos e asesoramos do xeito máis adecuado para eles. É o que se denomina “Modelo participativo”. Proporciona unha axuda máis eficaz e individualizada ao coñecer mellor con quen traballamos.
- Adecuar charlas ao tipo de pais (idades fillos e experiencia). Adaptarse ás circunstancias, flexibilidade.
- Ao finalizar o Campionato cuestionario de avaliación e suxestións sobre aspectos organizativos das concentracións e do propio Campionato de España.

CONCLUSIÓNS FINAIS

- Coas charlas, pretendemos:
 1. Crear unha vía de comunicación entre pais e FGB.
 2. Fomentar o intercambio de opinións, proporcionar información e asesoramento sobre aspectos relacionados coa experiencia dos seus fillos coas seleccións galegas (deportivos e formativos/educativos).
- Os pais pasarán de ter un papel pasivo a xogar un papel activo e importante.
- Axudarannos e completarán o traballo que se desenrole cos adestradores/as e xogadores/as para conseguir os dous obxectivos principais da FGB: acadar o maior rendemento posible dos deportistas e favorecer ao máximo o desenvolvemento formativo e persoal dos xogadores/as das seleccións galegas.

CONCLUSIÓNS FINAIS

- Importante reflexionar sobre que importancia teñen para vós os pais, que pretendedes deles, que papel poden xogar en relación ao traballo que estades desenvolvendo.
- Despois, saber que se fixo no voso club ou equipo, que necesidades existen con respecto a eles, que queredes (obxectivos), que podedes facer e de que recursos dispondes.
- Para finalizar, definir máis concretamente como, cando e onde ides desenvolver o traballo con eles. Importante avaliar o traballo realizado.